




COSTA DE CEDEIRA

Adela Leiro, Mon Daporta
setembro 2018



Distancia: 38 km (lineal, en coche) + camiñadas (uns 12 km)

Dificultade: media



RÍA DE CEDEIRA

- 1-Praia de Vilarrube
- 2-Río das Mestas
- 3-Punta Pedralba
- 4-Rego de Güimil
- 5-Punta Robaleira
- 6-Praias de Santo Isidro e A Madalena
- 7-Río Condomiñas
- 8-Praia de Arealonga e porto de Cedeira
- 9-Punta Sarridal
- 10-Punta Falcoeira
- 11-Punta Carreiro e As Brancas
- 12-Punta Folgoso
- 13-Puntas das Mestas e Ardillosa
- 14-Punta Felgueira
- 15-Punta Candieira e canteira do Purrido
- 16-Monte Tarroiba e punta Balteira
- 17-Punta Tarroiba
- 18-Punta de San Domingo
- 19-Chan do Monte e praia das Cortes
- 20-O Peirao. Santo André de Teixido.
- 21-Penas Gabeiras
- 22-O Furado
- 23-A Mina
- 24-Praias Negras e A Pescadoira
- 25-Cantís da Herbeira

O concello de Cedeira ten dous tramos de costa de características opostas, un recollido dentro da ría, baixo e abrigado con esteiros e longos areais, e outro, no exterior, exposto e recortado e con abruptos cantís que acadan a máxima altura na Vixía Herbeira.


É unha costa dun enorme valor biolóxico (acolle hábitats e especies únicas), paisaxístico (con numerosos puntos panorámicos) e xeolóxico (estruturas, rochas e minerais pouco comúns...).

Forma parte do LIC "Costa Ártabra", a ría de Cedeira está protexida como Reserva Mariña de Interese Pesqueiro e unha parte da costa exterior está considerada como Punto de Interese Xeolóxico Internacional.

PERCORRIDO

Comezamos na ponte do **río das Mestas** logo, na primeira curva da estrada, baixamos ao esteiro do **rego de Güimil** e a Barral, de alí volvemos á estrada e despois de pasar a curva saímos á esquerda para dirixirnos á **punta Robaleira**, mellor dito ao sitio onde podemos deixar o coche para poder camiñar ata o faro da punta Robaleira de volta no coche collemos á esquerda para baixar a **San Isidro** onde comezan as praias de Cedeira (**san Isidro** e **A Madalena** separadas polo rego das Veigas). Seguimos logo pola beira ata onde a ordenación do tráfico o permite onde nos desviamos ata a rúa principal onde viramos á esquerda e seguimos ata a rotonda e de alí cruzando a ponte sobre o **río Condomiñas**, e pasando a carón da **praia de Arealonga** chegamos ao porto, desde onde podemos subir ao **castelo da Concepción** e achegarnos ao miradoiro da **Punta Sarridal**.

Do porto volvemos á vila, cruzamos o río e volvemos a cruzalo de volta para, seguindo os indicadores, ir á **capela de santo Antón de Corveiro** (onde hai un miradoiro), baixar máis adiante á **punta Ardillosa** e seguir ata pasado Trasmonte onde collemos a estrada ao **faro de Candieira**, á esquerda, ata a **canteira do Purrido**. Alí teremos que camiñar para coñecer a contorna, o faro, e subir ao **monte Tarroiba**. Logo teremos que volver atrás pola estrada uns 3,5 km, ata máis adiante do cruce de Trasmonte, e desviamos á esquerda para coller un atallo que nos leva á estrada que vai remontando o curso do río Condomiñas ata Rabadán, e alí un desvío que nos pon na estrada que leva a Teixido onde a 1,5 km atopamos o **Chan do Monte** un miradoiro espectacular sobre Tarroiba, a enseada de Cortes, Teixido e Vixía Herbeira, e un km máis adiante o cruce a **santo André de Teixido**. A visita a Teixido é opcional aínda que como reza o dito “Ao santo André de Teixido vai de morto o que non vai de vivo” e aproveitando que poucas veces imos a estar máis preto... para seguir ata o **cruceiro do Curutelo**, onde hai outro punto panorámico, e seguimos ata a **Herbeira** o cantil máis alto da Europa continental, límite do concello e remate da ruta.



1-Praia de Vilarrube, co Río das Mestas



Ría de Cedeira, entre as puntas Chirlateira e Sarridal



2-Río das Mestas



3-Punta Pedralba



4-Rego de Güimil



5-Punta Robaleira



Punta Robaleira



Punta Robaleira: Punta Xián



6-Praias de Santo Isidro e A Madalena



Rego das Veigas entre as praias de Santo Isidro e A Madalena



7-Río Condomiñas e praia da Madalena



Praia de Arealonga



8-Praia de Arealonga e porto de Cedeira



Porto de Cedeira



Pregues nas rochas do porto de Cedeira



Castelo da Concepción na punta Sarridal



9-Punta Sarridal



Punta Sarridal e porto de Cedeira



Faro na punta Sarridal



Miradoiro na punta Sarridal



Castro na punta Sarridal. Restos dun balneario castrexo



Capela de San Antonio de Corveiro e miradoiro



10-Punta Falcoeira




11-Punta Carreiro e As Brancas



12-Punta Folgoso desde a punta das Mestas

As cabras fan
equilibrios entre os
bloques de rochas que
se desprenden das
paredes dos cantís



12-Puntas Montegordo e Folgoso desde a punta das Mestas



As da Salsa desde punta Ardillosa

Rochas erosionadas
na punta das Mestas



Punta Ardillosa



14-Punta Felgueira desde a punta Ardillosa



14-Puntas Sain e Felgueira desde a punta Ardillosa




15-Canteira do Purrido, de interese polas rochas e polas vistas



Punta Agudela ou do Fuciño desde o miradoiro do Purrido




Punta Cadieira ou Candeeira



O Frontón de punta Cadieira



16-Monte Tarroiba





Vista desde o monte Tarroiba sobre os cantís e a serra da Capelada




Puntas Tarroiba e Balteira




17-Punta Tarroiba desde a punta Balteira



18-Punta de San Domingo



Praia das Cortes



19-Vista desde Chan do Monte:
praia das Cortes, monte Tarroiba
e monte de Candieira



19-Vista desde Chan do Monte cara a Santo André de Teixido e Vixia Herbeira




20-O Peirao. Santo André de Teixido.



Santo André de Teixido.



Miradoiro de Teixidelo



21-Penas Gabeiras



Cadoiro de Calabanda, nas proximidade do Furado



22-O Furado



23-A Mina



Praias Negras: restos dun naufraxio




24-Praias Negras e A Pescadoira



25-Cantís da Vixía Herbeira, o punto máis alto da serra e da costa



A garita da Herbeira, un espectacular miradoiro sobre a costa



Cantís de Cedeira desde o alto da Vixía Herbeira


Os cantís da Capelada son un PUNTO DE INTERESE XEOLÓXICO INTERNACIONAL. Destaca pola variedade de formacións estruturais (pregues e micropregues, fallas...) e de rochas e minerais, algunhas pouco comúns, restos da antiga placa oceánica que se ergueu durante a Oroxenia Hercínica. Algunhas son das máis antigas da Península Ibérica e conteñen minerais, como o circón, de máis de 1.100 millóns de anos.



Monte Tarroiba



Praia de Cortes



Praias Negras



Porto de Cedeira

Exemplos de rochas metamórficas nas que se aprecian bandas de distintos materiais e deformacións producidas polas forzas tectónicas



19-Chan do Monte: o Bosque Petrificado. Efectos da erosión en rochas serpentínicas (karst serpentinico)